LAUDATIO DO DOUTOR HONORIS CAUSA
MICHAEL HANEMANN,
REALIZADA POR XAVIER LABANDEIRA

Vigo, 29 de Xaneiro de 2015

Magnífico e Excelentísimo Señor Reitor

Excelentísimo Presidente do Consello Social

Alcalde de Vigo

Autoridades

Membros da comunidade universitaria

Señoras e señores

É unha grande honra para min ser o encargado de apadriñar este doutoramento Honoris Causa e realizar a Laudatio, o discurso de gabanza, do meu estimado profesor William Michael Hanemann. Agradezo á Universidade a excelente acollida á proposta do meu Departamento, Economía Aplicada, e a confianza que hoxe deposita en min.

Estamos sen dúbida ante un dos actos académicos máis importantes e emotivos que poden celebrarse na Universidade: o recoñecemento dos logros individuais, e sacrificios, ao servizo da ciencia, que permiten a outros ollar máis lonxe, “sobre ombros de xigantes”. E qué mellor lugar que este para levalo a cabo, rodeados dos premios extraordinarios de grao e de doutoramento, dos mellores estudantes da nosa institución, que estou seguro obterán

inspiración e guía na traxectoria profesional do homenaxeado, pero que de seguro tamén farán lembrar ao profesor Hanemann da atracción que xera o coñecemento e de cómo este muda as nosas vidas. Hoxe, ademais, Michael se encontra acompañado por académicos que viaxaron de lonxe para compartir con el este momento especial, e pola súa muller e apoio fundamental, Mary.

Michael Hanemann pertence a ese pequeno grupo de académicos "excelentes", intelectualmente completos e afables que levan a agradecer, desde o momento en que os coñeces, ter escollido unha profisión tan esixente como a nosa. Representa o mellor da tradición cultural europea: inglés de nacemento pero fillo de pais que escaparon do terror nazi de respectivamente Alemaña e Austria nos infaustos anos trinta, e o mellor de América: a potencia do coñecemento, grazas a combinación dos grandes medios materiais e o envexable capital humano a disposición das universidades.

Pero ¿cómo definimos os economistas a excelencia académica? Un comentario á concesión do premio aos logros vitais do profesor Hanemann, pola asociación científica europea na economía ambiental e dos recursos naturais, apuntaba cinco indicadores que fago meus: 1) a publicación de polo menos un artigo que é citado sempre por investigadores de todo o mundo, desde Aberdeen a Punta Arenas, como punto de partida para futuros desenvolvementos nese eido; 2) as contribucións relevantes na interfaz entre teoría económica e evidencia empírica; 3) o desafío ao status-quo académico; 4) o recoñecemento profisional máis aló do seu campo de traballo específico (neste caso, a través da publicación nas mellores revistas xeralistas en Economía); e 5) a conexión

con diversas audiencias na busca da transmisión do coñecemento e mellora da sociedade. Pois ben, Michael Hanemann ten feito ao longo da súa carreira todo iso e moito máis.

Non teño tempo para relatar o moito que debemos os economistas ao profesor Hanemann. Sirvan unhas pequenas pinceladas: ten sido, en primeiro lugar, unha das grandes figuras detrás do desenvolvemento de métodos para cuantificar o valor dos bens ambientais que non se intercambian en mercados. Cando alguén se pregunte cómo puidemos computar os danos asociados á catástrofe do Prestige, por exemplo, a resposta está nos traballos seminais do profesor Hanemann. En segundo lugar, Michael Hanemann ten feito grandes contribucións no ámbito da economía da auga, inspirando medidas regulatorias contra a extracción descontrolada deste recurso e sendo o soporte intelectual de determinadas políticas de prezos en zonas urbanas. Aínda hoxe, Michael pode adicar toda unha sobremesa á irracional xestión da auga en California: é a súa paixón e, por iso, participou moi activa e intensamente no debate español sobre o Transvase do Ebro. En terceiro lugar, e sen poder desenvolver xa outras moitas e interesantes contribucións, están os seus traballos máis recentes no ámbito dos impactos do cambio climático. Aquí refutou os estudos (status-quo) que minimizaban os impactos deste sobre a agricultura, sen ter en conta os efeitos extremos por picos de temperaturas e estrés hídrico. Neste ámbito o profesor Hanemann dirixiu o centro sobre cambio climático de California e formou parte dos expertos internacionais que redactaron o quinto informe de avaliación do grupo 3 do IPCC de Nacións Unidas, no que a nosa universidade e

cidade tiveron un papel fundamental ao acoller unha das súas xuntanzas principais hai pouco máis de dous anos. Informe que, por certo, esperamos inflúa positiva e decisivamente na adopción dun novo Protocolo que substitúa ao de Kioto a finais deste ano en París.

Creo que este relatorio xa xustifica, por servizos evidentes á ciencia económica, a concesión da nosa máxima distinción académica. Pero tampouco é trivial, a este efeito, que os campos de desenvolvemento do traballo de Michael Hanemann coincidan en grande medida cos grandes intereses da Universidade de Vigo: o medio ambiente, a protección dos recursos naturais, a xestión da auga, e o cambio climático, transversais ás investigacións nos ámbitos xurídico-social, científico e tecnolóxico. Por se fose pouco, no profesor Hanemann danse ademais unhas condicións que o fan o candidato ideal para ser o noso embaixador polo mundo: o amor por esta terra, que o levou a visitarnos días despois da catástrofe do Prestige invitado polo grupo de investigación RGEA; e o incansable e desinteresado afán colaborador con esta casa, que impulsou varias publicacións compartidas con investigadores da Facultade que hoxe nos acolle, e derivou nun apoio moi decidido do workshop atlántico en economía ambiental e da enerxía, que Rede e Economics for Energy celebran desde hai máis dez anos na Illa da Toxa e que se ten asentado como unha cita internacional neste campo.

Non quero rematar sen mencionar a vocación docente do profesor Hanemann e a relevancia das súas contribucións nos programas formativos en economía ambiental e dos recursos. E neste senso quero ter unhas palabras sobre un grupo de estudantes, egresados e colaboradores, que se encontran sentados xusto detrás de min e que proceden

dun dos primeiros másteres oficiais implantados nesta universidade: o de Xestión do Desenvolvemento Sostible. Non sería posible explicar a existencia deste título nen dos seus contidos sen a inspiración e interaccións con Michael Hanemann ao longo dos últimos anos.

Permítanme dirixirme agora persoalmente ao profesor: “Michael, knowing you and collaborating with you has been a privilege. Thanks for devoting your life to the enhancement of environmental and resource economics so that we can live in a better world, and for sharing this hope with your pupils and coauthors. Thanks also for having Galiza and Vigo in your personal map for so many years”.

Así pois, considerados e expostos todos estes feitos, dignísimos convidados e membros da comunidade universitaria, solicito con todo respecto e encarecidamente prego que se outorgue e confira o supremo grao de Doutor “Honoris Causa” pola Universidade de Vigo a D. William Michael Hanemann.